Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.5 13751 (10/PNP-001153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.6 13811 (10/PNP-001155)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula, e sete deputados/as máis

Sobre as medidas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Ministerio de Xustiza para mellorar a organización xudicial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.7 14332 (10/PNP-001171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa situación do Pazo de Meirás, a Fundación Franco e a elaboración dunha lei galega de memoria histórica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.8 14333 (10/PNP-001172)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia con respecto ao acordo do Concello de Sada en relación coa xestión que se está realizando do BIC-Pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 10899 (10/INT-000471)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre o modelo de prevención e extinción de incendios forestais da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

5.2 13965 (10/INT-000522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre oa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

5.3 14385 (10/INT-000528)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 15201 (10/POPX-000046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a devolución da titularidade pública do Pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

6.2 15249 (10/POPX-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter a regulación prevista no Anteproxecto de lei de modificación da Lei de saúde de Galicia na atención sanitaria das comarcas nas que van desaparecer as súas áreas sanitarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

6.3 15278 (10/POPX-000048)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das consecuencias sociais do modelo laboral precario que está a aplicar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 15276 (10/PUP-000105)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coas deficiencias existentes no funcionamento do sistema xudicial a causa da insuficiencia de recursos, en especial, no eido da loita contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

7.2 14311 (10/PUP-000102)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre se o Goberno galego comparte que a loita contra a violencia machista ten que alumear as políticas de todos os gobernos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.3 14478 (10/POP-001962)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e dous deputados/as máis

Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na adopción de medidas respecto da sobreventa de billetes polas empresas navieiras que realizan o transporte de viaxeiros para as illas Cíes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.4 12509 (10/POP-001516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia tendentes ao cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 149, do 20.07.2017

7.5 13255 (10/POP-001655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre o estado de tramitación da solicitude do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal presentado pola empresa CUF respecto dos terreos que ocupa a fábrica de Elnosa en Lourizán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.6 13515 (10/POP-001683)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as diferenzas entre Galicia e o resto do Estado no que respecta ás porcentaxes de alumnado con necesidades educativas especiais sobre o alumnado total

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.7 14148 (10/POP-001852)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e seis deputados/as máis

Sobre as novidades e medidas específicas que se levarán a cabo para o desenvolvemento da nova estratexia galega de linguas estranxeiras EDUlingüe 2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

7.8 12796 (10/POP-001542)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e seis deputados/as máis

Sobre as conclusións do informe encargado ao grupo de traballo que constituíron o Issga, o 061 e a Consellería do Mar en relación coas boticas de primeiros auxilios nas embarcacións pesqueiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

7.9 13092 (10/POP-001617)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre o número de consultas implementadas nos hospitais comarcais desde a posta en marcha das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

7.10 15236 (10/PUP-000103)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de construír un centro de día para persoas maiores de 65 anos no concello de Rianxo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando, integrantes do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre os incendios forestais

A gravidade dos lumes forestais que están afectando Galicia, en especial á provincia de Ourense, fan necesario a realización dunha avaliación e si é preciso a reorientación das medidas en materia de prevención de incendios que avancen dende a situación actual de políticas de extinción cara políticas integrais de prevención e ordenación forestal. Dende o grupo parlamentario de En Marea elaboramos, en colaboración coa sociedade Galega, un decálogo que pode axudar a reverter a situación.

Decisións tomadas polos últimos gobernos da Xunta de Galicia non axudan a resolver o problema, dende a disgregación dos recursos de extinción, a privatización de boa parte do servizo ou fomento do monocultivo, fronte a necesaria implantación dun sistema integral, público e único, teñen contribuído a dramática situación actual. .

Esta falla de compromiso coa resolución do problema evidenciase no propio PLADIGA que, logo de ser presentado con enorme retraso e sen a participación do conxunto da sociedade civil afectada, agora incúmrese por parte da Xunta de Galicia.



Por estes motivos o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cal é o balance do Goberno da actual campaña de prevención e extinción de incendios e do grao de cumprimento do seu propio PLADIGA?
- 2) Cree o Goberno que o persoal contratado e os modelos de contratación, así como os medios á súa disposición, son os axeitados para este servizo?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 24/08/2017 13:59:28

David Rodríguez Estévez na data 24/08/2017 13:59:36

Paula Quinteiro Araújo na data 24/08/2017 13:59:48

Marcos Cal Ogando na data 24/08/2017 13:59:57

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vén de poñer de manifesto en repetidas ocasións, a súa preocupación polo proceso que levou á recente contratación pola Dirección Xeral de Mobilidade, da explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada.

Son moitos tamén os concellos, colectivos sociais, sindicatos e empresas que tendo coñecemento dos anteproxectos manifestaron as súas reservas e preocupación, cuestións que non foron, na súa maior parte, atendidas dende a Administración autonómica, e que deron lugar incluso a un empeoramento dos servizos de transporte.

Un bo exemplo de todo iso, é o que aconteceu no concello de Moaña, concello que ante o proxecto de contratación, realizou as alegacións precisas para o mantemento e a mellora do servizo, presentando:

- A retirada do anteproxecto, tras detectar graves erros e deficiencias imposibles de emendar mediante unha simple alegación, que afectan gravemente ao transporte público en Moaña.

No anteproxecto de explotación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral XG525 “Pontevedra-Bueu-Cangas-Vigo con Anexos”, prevíanse rutas imposibles por onde non pode transitar un autobús, denominacións de paradas incorrectas, falta de correspondencia entre a descrición das paradas e a radicación nos mapas e ausencia de numerosas paradas.

Grupo Parlamentario

- No caso de non ser retirado, considerábase que se debían de emendar como mínimo as deficiencias que se detallaban, como a corrección, en termos xerais, do nomeado anteriormente.

Bastan como exemplo os seguintes:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Liña ao hospital Álvaro Cunqueiro, pasando polo cemiterio de Teis, pola periferia de Vigo para despois introducir a ruta no centro e retrasando o destino.

- Falta de paradas existentes antes da contratación

- En Domaio presenta dúas e existen 4
- En Meira presenta unha e existen 6
- En Moaña presenta 3 e existen 3. Estaría ben dirección Cangas, non dirección Vigo. Hai diferenza entre o cadro e o mapa do proxecto, no cal existen dúas.
- En Tirán presenta unha e existen 5

Liña XG 525-7. Verdeal-Villa Rosa

Faltan paradas. Villa Rosa non se sabe a onde se denomina. Aquí semella no Redondo.

Liña 525-12. Moaña-O Con

Só se lle atopa sentido a esta ruta se se trata dunha liña escolar. Fai o percorrido pola rúa Méndez Núñez, na que está prohibida a circulación de autobuses por presentar unha forte pendente e non ter suficiente ancho.

Liña XG 525-16. Seara-Moaña Centro

Ruta sen lóxica. Non se sabe o sentido no que se presenta. Pasa polos institutos e logo por unha zona deshabitada agrícola por onde apenas colle un autobús. A continuación sae á estrada O Redondo-Paradela, onde case non pasa un autobús e menos o xiro á dereita dirección Paradela.

Grupo Parlamentario

Mal situado Bar Lolo, o cal está en Berducedo e sitúase en Sabaceda.

Liña 525-20. Seara-Peirao

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Se é escolar, non se corresponde á zona de escolarización do colexio. Remata en Peirao, o que se intúe polo mapa que é na Moureira-Fanequeira, unha zona alta sen peirao.

Lonxe de corrixir todas as deficiencias do proxecto, a Xunta de Galicia, non respondeu ás alegacións e aínda que ten dito en prensa que matizou algunha, no Concello non hai constancia nin disto nin de ningunha outra corrección, pois detéctanse graves erros, e na información que se dá en comunicacións ao Concello hai unha falla de información enorme, non concretando case nada do que aos usuarios e usuarias lles importa.

Ademais de solicitar mediante as alegacións que se emenden os erros, tamén foi solicitado que se reforzase a liña ao Hospital Álvaro Cunqueiro, establecendo unha directa por autovía sen pasar polo casco urbano de Vigo, mantendo outra para a recollida de viaxeiros na estación de transporte de ría.

Tamén se alegaba que se deben implementar rutas circulares unindo o centro de Moaña cos barrios, con dous percorridos mínimos pola mañá e dous pola tarde, respectando as existentes. Así como que se incluíse a ruta Moaña-Marín pola PO-313.

Tamén se enviaron nas alegacións as rutas de transporte escolar a converter en transporte integrado:

Son a totalidade das rutas dos seguintes centros: CEIP Seara; CEIP Reibón; IES As Barxas; IES A Paralaia.

Grupo Parlamentario

Todo este proceso denotou unha grande improvisación na contratación dos servizos públicos de transporte, contendo e non corrixindo graves erros nas rutas, e que foron notificados nas alegacións, polo que a día de hoxe o Concello de Moaña ten unha perda de frecuencias e de servizo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non se publicitaron horarios nin o resultado final das rutas que a Xunta di en prensa ter corrixido, entendéndose que todo queda a expensas da concesionaria.

Simplemente se dispón dun cadro de horarios facilitado pola empresa Monbus, no que se detecta respecto dos que había antes da adxudicación, unha perda de liñas pola semana e máis na fin de semana, aparecendo rutas imposibles en canto ao tráfico de Moaña, o que demostra a total improvisación e descoñecemento da realidade sobre a mobilidade no concello por parte da Dirección Xeral de Mobilidade.

O Concello está recibindo un gran número de queixas e manifestacións de descontento da veciñanza, pola preocupación que lles está a causar a perda de servizo no transporte público. Todo este proceso serviu para que quedase a mesma empresa e se reducisen as frecuencias, un caso semellante a cando se licitou o transporte de ría.

O transporte terrestre en autobús a Vigo ten moita importancia en Moaña e no Morrazo, pois depéndese en gran medida del para desprazamentos laborais, de estudos e sanitarios e tamén de Pontevedra na súa maior parte por estudos, por iso este servizo é imprescindible.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedor o Goberno galego da situación que se está a dar en Moaña trala recente contratación da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros?

2ª) Cal é a súa opinión respecto do funcionamento das liñas existentes e o feito de que se perdesen frecuencias e paradas?

 Grupo Parlamentario

3ª) Considera que a eliminación de moitas das paradas que forman parte destas liñas é unha mellora substancial da eficacia destas liñas?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4ª) Cal é a explicación que poden dar sobre a decisión de implementar unha menor frecuencia das liñas de transporte?

5ª) Comparte este goberno a opinión de que o Concello de Moaña, así como o resto de concellos do Morrazo, teñen que ter unha boa comunicación, coas cidades de Vigo e Pontevedra?

6ª) Entende que se está a favorecer esa conexión eficaz coas cidades de Vigo e Pontevedra, así como entre os concellos do Morrazo que beneficie o uso do transporte público prioritariamente sobre o uso do coche particular?

7ª) Tendo en conta a falla de moitos servizos de tipo sanitario, educativos, ou administrativos no Morrazo, comparten a idea de que existen liñas estratéxicas, como a de conexión co Hospital Álvaro Cunqueiro que deberían ser apoiadas coa implementación dalgún servizo con carácter máis directo?

8ª) Ten pensado comunicar oficialmente ao Concello de Moaña, e co detalle preciso, as consideracións e os cambios que se expresan ter en conta de cara á mellora das deficiencias detectadas nos servizos de liña actuais?

Pazo do Parlamento, 24 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 25/08/2017 10:57:50

Raúl Fernández Fernández na data 25/08/2017 10:57:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 12:57
Nº Rexistro: 14518
Data envío: 25/08/2017 12:57:43.005

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Ao longo do mes de agosto sucedéronse as queixas, alegacións e reclamacións relativas aos novos contratos do chamado Plan de Transporte Público adxudicados pola Xunta de Galiza e que entraron en vigor a comezos de agosto.

Estas reclamacións producíronse en todas as zonas dos novos contratos e foron formuladas tanto por persoas usuarias como por parte dos concellos. E ademais de facer constar o empeoramento do servizo polo cambio ou supresión de liñas, servizos e horarios, alertan sobre as consecuencias que se poden producir co comezo do curso escolar no mes de setembro.

Segundo se desprende de informacións non oficiais, como resposta a estas queixas a Xunta de Galiza comunicoulle ás concesionarias a posibilidade de facer cambios no servizo, chegándose a recuperar nalgúns casos as liñas e horarios antigos, o que suporía unha modificación das condicións dos novos contratos.

Esta situación pon en evidencia o que vén denunciando o grupo parlamentar do BNG desde o inicio do procedemento para a adxudicación dos novos contratos do Plan de Transporte: as présas, a falta de información e de participación, e o escurantismo que caracteriza todo o proceso.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 12:57
Nº Rexistro: 14518
Data envío: 25/08/2017 12:57:43.005

E en relación co anterior, o acontecido até agora pon en evidencia o deficiente traballo das empresas encargadas de facer os estudos previos para a definición da proposta das novas concesións (polos que cobraron máis de 800.000 euros), a cerrazón da Xunta de Galiza ante as advertencias dos erros e deficiencias destas propostas, e a necesidade de consensuar todos estes cambios coas partes interesadas, nomeadamente cos concellos.

A sucesión de decisións precipitadas, unilaterais e non negociadas por parte da Xunta de Galiza deu lugar a unha situación caótica, a un empeoramento do servizo e a unha desfeita que aínda vai ir a peor co comezo do novo curso.

Polo anteriormente exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Como valora o goberno galego a implantación das novas concesións do transporte público?
2. Que valoración lle merece o traballo realizado polas empresas adxudicatarias dos estudos previos para a implantación dos novos contratos zonais?
3. Considera que foi un bo investimento destinar máis de 800.000 euros a uns estudos que teñen numerosos erros e que deron lugar a un gran desbaraxuste polos cambios introducidos en materia de rotas, horarios e servizos? Ten previsto a administración penalizar as empresas polo deficiente traballo realizado ou prevé pagar o totalidade do prezo de adxudicación?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 12:57
Nº Rexistro: 14518
Data envío: 25/08/2017 12:57:43.005

4. Cantas reclamacións, alegacións ou queixas por escrito se recibiron por parte da administración galega e cantas delas corresponden a persoas usuarias e cantas a concellos?

5. Unha vez que comezaron as novas concesións, cantos e que concellos presentaron escritos solicitando cambios nas novas concesións para adaptar as rotas, servizos e horarios ás necesidades da poboación?

6. Autorizou a Xunta de Galiza ás empresas adxudicatarias a realizar cambios nas novas concesións aos poucos días de entrar en vigor para calmar as protestas das persoas usuarias? En caso afirmativo, en cantas e en que concesións?

7. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para corrixir o caos provocado pola súa decisión de impoñer o Plan de transporte público sen a necesaria participación e diálogo cos concellos?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 12:57
Nº Rexistro: 14518
Data envío: 25/08/2017 12:57:43.005

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/08/2017 12:49:12

María Montserrat Prado Cores na data 25/08/2017 12:49:17

Ana Pontón Mondelo na data 25/08/2017 12:49:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/08/2017 12:49:20

Olalla Rodil Fernández na data 25/08/2017 12:49:21

Noa Presas Bergantiños na data 25/08/2017 12:49:23

Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Moisés Rodríguez Pérez, Carlos Gómez Salgado, Carlos López Crespo, Martín Fernández Prado e Antonio Mouriño Villar, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Partido Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 4ª Educación y Cultura.**

Entre as liñas estratéxicas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria atópase a elaboración da Estratexia da Cultura 2021.

Sabemos que dende a Xunta se está a traballar por unha Galicia cuxa cultura sexa xeradora de emprego e que respecte o noso patrimonio cultural e lingüístico.

Sabemos que o obxectivo principal desa estratexia é o de fortalecer a industria cultural partindo de dúas premisas, por unha banda garantir a máxima difusión da actividade cultural de base por todo o territorio e, por outra, asentar un tecido social e empresarial nese ámbito.

Dende o Grupo Parlamentario Popular interesaríanos coñecer máis a fondo os obxectivos dese Plan, desa estratexia 2021, data importante, xa que coincide coa celebración do Ano Santo.

Por estes motivos, os deputados asinantes, plantexamos a seguinte pregunta en Comisión:

-Cómo se vai elaborar esa Estratexia da Cultura de Galicia 2021 que garanta a preservación e difusión da nosa cultura?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 25/08/2017 13:28:06

César Manuel Fernández Gil na data 25/08/2017 13:28:25



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/08/2017 13:31
Nº Rexistro: 14521
Data envío: 25/08/2017 13:31:24.265

Maria Antón Vilasánchez na data 25/08/2017 13:28:33

Moisés Rodríguez Pérez na data 25/08/2017 13:28:45

Carlos Gómez Salgado na data 25/08/2017 13:28:58

Carlos Enrique López Crespo na data 25/08/2017 13:29:21

Martín Fernández Prado na data 25/08/2017 13:29:36

Antonio Mouriño Villar na data 25/08/2017 13:30:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luis Manuel Martínez Álvarez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Xunta de Galicia anunciou, a principios do mes de xuño deste ano, a posta en marcha da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2020 que parece ter como finalidade o teórico modelo plurilingüe do que parece que temos implantado con grande éxito en Galicia ás etapas de educación infantil e formación profesional, ademais do ensino universitario.

Para o próximo curso, tres parecen ser as medidas innovadoras dirixidas a distintas etapas educativas, a saber:

1. Resolución do 1 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurinfantil), para o curso 2017/18 (DOG do 9 de xuño de 2017).
2. Resolución do 9 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación ao programa de dobre titulación de Bacharelato e Baccalauréat, Bachibac, en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2017/18 (DOG do 19 de xuño de 2017).
3. Resolución do 29 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se publica o anuncio da resolución pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP), para o curso 2017/18 (DOG do 7 de xullo de 2017).

Todas as resolucións citadas teñen como obxectivo incorporar centros ás ensinanzas impartidas en linguas estranxeiras.

Así, no caso do programa Plurinfantil, o obxectivo é a incorporación de centros que xa teñen a denominación de plurilingües na etapa de educación primaria para que impartan ata un máximo dun terzo do horario nunha lingua estranxeira.

Grupo Parlamentario

Para o programa Estrela PluriFP, é suficiente que o centro oferte algún módulo dalgún ciclo formativo tanto no primeiro como no segundo curso, non sendo necesaria unha porcentaxe mínima.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estamos a referirnos, evidentemente, só ao que as ensinanzas en lingua estranxeira se determina e non ao resto das condicións, nomeadamente a capacitación do profesorado.

Os resultados da resposta acadada para estes programas pode cualificarse de moi modesta sendo benévolos ou de altamente decepcionante sendo obxectivos.

Así, de 261 centros que poderían ter participado no programa Plurininfantil, foron seleccionados 81 (o 31%); de 294 centros que poderían ter participado no programa Bachibac, foi seleccionado 1 (o 0,3 %) e de 263 centros que poderían ter participado no programa Estrela PluriFP foron seleccionados 7 (o 2,66 %).

Os anteriores son os datos de resposta a un dos programas estrela da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria se nos atemos ás declaracións do Sr. conselleiro o día 1 de xuño deste ano.

Ante a situación exposta, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos resultados da participación dos centros nos programas Plurininfantil, Bachibac e Estrela PluriFP?

2ª) Que estratexia pensa seguir para mellorar os resultados de participación e así acadar os obxectivos previstos na Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020?

3ª) Ten a citada Consellería posto en marcha algún tipo de avaliación que permita coñecer a mellora na competencia lingüística do alumnado que participa nalgún dos múltiples programas que veñen funcionando nos últimos cursos?

Pazo do Parlamento, 25 de agosto de 2017



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 25/08/2017 14:17:56

Maria de la Concepción Burgo López na data 25/08/2017 14:18:07

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

Están en tramitación as autorizacións administrativas previas, declaración de utilidade pública e necesidade de urxente ocupación, e a autorización da construción dos proxectos de parques eólicos de Mouriños, da Pena Forcada-Catasol II, das liñas de evacuación de ambos proxectos.

A instalación destes dous parques supón a ubicación de 7 aeroxeneradores dunha altura de 151 m. nunha zona que ate agora era virxe no que respecta ao eólico, dentro dunha comarca cunha presenza moi importante de parques.

A presenza dos eólicos na Serra de Gontón, inmersos nun conxunto patrimonial singular coma o Castelo de Borneiro, e os antecastelos asociados a este, ou nas inmediacións do val e lagoa de Traba, supón un grande impacto paisaxístico e ambiental nuns concellos cuxa aposta de futuro é o turismo sostible.

A corporación dun destes concellos, o de Laxe, tense manifestado en contra do proxecto e o seu alcalde declarado publicamente que non quería estes eólicos na Pena Forcada, e nada diso se tivo en conta, xa que a Xunta de Galicia desoíu estes chamamentos.

Numerosos colectivos denuncian, ademais dos altos impactos paisaxísticos e ambientais, o escasísimos retorno social da súa instalación.

Unha das vías para o retorno social é o Canon Eólico pero, neste caso, no parque de Pena Forcada, o ingreso para o Concello de Laxe procedente do Fondo de Compensación Ambiental será de cero euros, posto que segundo a Lei 8/2009 de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canon Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o Canon cóbrase en función do número de aeroxeneradores e, neste caso, os parques de 3 ou menos, están exentos.

No caso do parque de Mouriños o Concello recibirá só uns 2.300 euros anuais, e dicimos só porque estamos a falar dunhas instalacións que ás empresas lles producen uns moi altos beneficios.

Observase que non hai criterios claros para a avaliación dos impactos paisaxísticos e ambientais, ademais da presenza ou non en Rede Natura e que a definición das Áreas de Desenvolvemento Eólico ten como elemento, case único e fundamental, o recurso eólico.

Creemos que a día de hoxe habería que ter unhas directrices que permitisen unha avaliación integral e unha maior participación local de institucións e da cidadanía para a definición das áreas.

Parece ser que o Partido Popular e este goberno non opinan o mesmo xa que, lonxe de propor medidas neste senso, o que propón é máis liberalización e non introduce nin unha soa medida que conduza a unha maior planificación, consideración da paisaxe e ambiental ou para mellorar o retorno social da creación de riqueza destes proxectos.



O desenvolvemento do sector eólico en Galiza debería de partir dunha actualización dos postulados nos que se cimentou nos últimos 20 anos, e basearse nunha planificación racional, sustentable, que teña moi en conta, de xeito integral, aspectos paisaxísticos, ambientais e de retorno social.

Dentro deste último aspecto cumpriría revisar a sistemática aprobación en proxectos similares da declaración de utilidade pública posto que, fundamentalmente, hoxe en día trátase dun negocio privado dunhas poucas empresas.

Compre, pois, unha revisión transparente e participada do modelo e non unha reforma exprés e pola porta de atrás.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas, dirixidas ao Goberno galego, para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Considera que existen os elementos normativos necesarios para que na instalación de parques eólicos se teña en conta o impacto paisaxístico?
- 2) Considera que é necesario implementar unhas directrices nese senso?
- 3) Pensa que é apropiado que se instale un parque eólico con 3 aeroxeneradores en contra da vontade da corporación do Concello de Laxe e sen ter en conta a planificación económico social endóxena da zona?
- 4) Pensa que á cidadanía destes concellos lle compensa os impactos que se producirían, no caso de construírse os parques, polos ingresos case nulos que percibirán?
- 4) Que valoración lle merece que no caso do Parque de Pena Forcad-Catasol II o Concello non vaia a percibir nin un euro a través do Fondo de Compensación Ambiental, ou mesmo, que a empresa non teña que pagar ni un euro de Canón Eólico?



- 5) Pensa que habería que acoutar as zonas de desenvolvemento eólico por motivos paisaxísticos?
- 6) Considera que o sector eólico podería ter máis utilidade na dinamización do rural con outra normativa?

Santiago de Compostela, 25 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 25/08/2017 14:26:01

Marcos Cal Ogando na data 25/08/2017 14:26:15



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2017 11:24
Nº Rexistro: 14606
Data envío: 28/08/2017 11:24:31.498

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

1. O pasado mes de marzo de 2017, a empresa Unión Fenosa informou da súa intención de acometer no ano 2018 o soterramento da liña de alta tensión ao seu paso polo barrio pontevedrés de Monte Porreiro. Segundo comunicaron daquela representantes da empresa ao concello de Pontevedra, o proxecto contemplaba o soterramento da liña ao longo de aproximadamente 1,8 km, desde a subestación de Mourente até o río Lérez. O orzamento estimado da obra segundo a empresa é de 1,3 millóns de euros.

Este anuncio foi consecuencia do acordo adoptado no mesmo sentido polo Pleno do Concello de Pontevedra e coincidiu no tempo co debate no Parlamento dunha iniciativa do BNG que instaba á Xunta de Galiza a asinar un convenio de colaboración con Unión Fenosa e o concello de Pontevedra para facer realidade esta vella demanda veciñal.

Cómpre lembrar que o concello de Pontevedra xa levou a cabo unha primeira fase do proxecto de soterramento, aprobando e executando no ano 2009 unhas obras que supuxeron un investimento de perto de 500.000 euros.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2017 11:24
Nº Rexistro: 14606
Data envío: 28/08/2017 11:24:31.498

2. Malia o anuncio realizado pola empresa Unión Fenosa fai xa cinco meses, a realidade é que o concello de Pontevedra non recibiu desde aquela ningunha información nova sobre o ámbito e características técnicas do proxecto, trazado e investimento previsto.

Tendo en conta a previsión de executar a obras ao longo do ano 2018, desde o BNG considérase necesario axilizar e impulsar desde a Xunta de Galiza esta importante obra, que viría a facer xustiza e cumprir unha vella demanda da veciñanza de Monte Porreiro. Cómpre polo tanto que o goberno galego actúe con decisión ante a empresa Unión Fenosa para evitar un novo incuprimento e unha nova demora dunha obra que se vén adiando durante anos.

Polo anteriormente exposto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que xestións realizou a Xunta de Galiza desde marzo de 2017 para impulsar e axilizar o soterramento da liña de alta tensión que atravesa o barrio de Monte Porreiro?

2. Mantivo reunións o goberno galego coa empresa Unión Fenosa para impulsar a citada obra?

3. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da existencia dun proxecto ou anteprojecto de soterramento da liña de alta tensión de Monte Porreiro e da súa tramitación para ser incluído no Plan de investimentos da empresa para o período 2018-2020?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2017 11:24
Nº Rexistro: 14606
Data envío: 28/08/2017 11:24:31.498

4. Considera o goberno galego que estamos ante un proxecto prioritario, diante dunha vella demanda á que se lle ten que dar resposta no prazo máis breve posíbel e ante un compromiso incumplido?

5. Que xestións prevé realizar a Xunta de Galiza para se cumpra a previsión de executar estas obras no ano 2018?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/08/2017 11:23:37

María Montserrat Prado Cores na data 28/08/2017 11:23:41

Ana Pontón Mondelo na data 28/08/2017 11:23:45



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2017 11:24
Nº Rexistro: 14606
Data envío: 28/08/2017 11:24:31.498

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/08/2017 11:23:46

Olalla Rodil Fernández na data 28/08/2017 11:23:48

Noa Presas Bergantiños na data 28/08/2017 11:23:51

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, César Fernández Gil, María Antón Villasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo, Antonio Mouriño Villar e Moisés Rodríguez Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia e as tres universidades públicas galegas veñen traballando dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG) na reforma, consolidación e modernización do mapa de titulacións universitarias da Comunidade Autónoma. O obxectivo non é outro que impulsar novos títulos que respondan as demandas actuais da sociedade baixo o principio de coordinación e cooperación que permita ser mais competitivos ao noso sistema universitario.

O obxectivo último desta reforma do mapa de titulacións e acadar un sistema universitario harmónico para lograr universidades especializadas, colaborativas e internacionalizadas

Dentro do SUG chegouse ao acordo de que as prioridades para os novos grados e mestrados, deben axustarse a demanda e a la implantación de titulacións que encaixen na especialización dos campus: na UDC (Campus Innova e da Sustentabilidade -A Coruña- e Campus Industrial, en Ferrol); USC (Campus Vida e da Cidadanía -Santiago-, e Campus Terra, en Lugo); y Uvigo (Campus do Mar -coordinado por a UVigo-, Campus Tecnolóxico -Vigo-, Campus da Auga -Ourense- e Campus Crea -Pontevedra).

Esta especialización permitirá acadar unha maior competitividade das universidades galegas en relación con outras centros nacionais e internacionais, ser mais atractivas para profesorado e alumnado, ser mais eficientes nos recursos dispoñibles, e mellorar significativamente na investigación e produción científica.

Tendo en conta que xa se leva un tempo significativo traballando nesta especialización dos campus e na racionalización dos títulos que se imparten no sistema universitario galego, os parlamentarios asinantes presentan a seguinte pregunta oral en Comisión.

-Que balance fai a Xunta de Galicia da súa política de fomento da especialización dos campus universitarios ?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 28/08/2017 12:45:30

César Manuel Fernández Gil na data 28/08/2017 12:46:54

Maria Antón Vilasánchez na data 28/08/2017 12:46:59

Teresa Egerique Mosquera na data 28/08/2017 12:47:07

Carlos Gómez Salgado na data 28/08/2017 12:47:43

Carlos Enrique López Crespo na data 28/08/2017 12:49:52

Antonio Mouriño Villar na data 28/08/2017 12:50:37

Moisés Rodríguez Pérez na data 28/08/2017 12:50:56

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**, en relación á elaboración da “Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050”.

Na comparecencia en Pleno da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio anunciouse a elaboración da “Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050”.

Nesa intervención salientou que será unha folla de ruta que incorporará a consideración do cambio climático na xestión territorial e que levará aparelhada a elaboración dun mapa de coñecemento en cambio climático, permitirá identificar a todos os axentes implicados nesta loita e definir as liñas de actuación en observación, mitigación e adaptación ao fenómeno.

Defendeu a economía circular como “única opción de futuro”, polo que se debe traballar para converter os residuos en recursos e fomentar un consumo que esgote o ciclo de vida dos produtos, e anunciou medidas para o cálculo da pegada ecolóxica para medir o impacto das medidas adoptadas ou de medidas para a conservación do Patrimonio natural ou a creación do Centro Tecnolóxico de Medio Ambiente.

Politicamente é especialmente salientable que un goberno que leva dende 2009 no pode comezar no ano 2017 a dar pasos para contar cunha estratexia para loitar contra un dos principais problemas aos que se enfronta a humanidade, e que ten



moito que ver co modelo económico e de organización territorial que un país quere desenvolver.

Aínda que o goberno chega tarde, queremos resaltar que nós sempre defendemos a priorización da loita contra o cambio climático e a necesidade de ter unha acción transversal de todo o goberno e administracións.

O que teremos que comprobar e si chegará a ser algo máis que publicidade e propaganda, e se ten intención de atallar as causas principais do quecemento global causados en Galiza.

Os principais causantes de gases de efecto invernadoiro son os producidos polo transporte, a industria, a deficiente xestión dos residuos e o sistema de distribución alimentario. Polo que non haberá unha estratexia verdadeiramente efectiva sen aportar medidas nestes sectores.

Por outra banda aprécianse liñas políticas desenvolvidas polo Goberno do PP, nos últimos anos, contraditorias co que agora se di querer defender, que van en contra da sustentabilidade e da chamada economía circular, como poden ser a política da xestión do lixo, a política industrial, medioambiental e do modelo agroalimentario.

Non se coñece aínda o método para garantir a participación social e política nin os prazos de desenvolvemento de dito proceso.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1ª) En que prazo se prevé o remate da “Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050”?



2ª) Considera que as políticas desenvolvidas nos últimos anos polo Goberno da Xunta de Galicia son contraditorias co obxectivo da loita contra o cambio climático?

3ª) Considera que a priorización da loita contra o cambio climático terá que provocar cambios profundos no modelo de infraestruturas, de transporte, da xestión dos residuos ou no agroalimentario?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 28/08/2017 13:30:17

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Os proxectos de extracción de seixo que a empresa ERIMSA pretende levar a cabo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Ordes afectan a 6721 has de, fundamentalmente, solo agrario de concentración parcelaria.

Nesta zona aséntanse aproximadamente 200 explotacións de vacún de leite que xeran preto de 500 empregos.

Como xa se demostrou, coa tramitación de proxectos idénticos nos concellos de Cospeito ou Vilalba, a actividade de extracción de seixo é incompatible co uso agrario xa que a acción de escavar e remover a terra a unha profundidade de 2,5m., a extracción do seixo e posterior recheo causan uns efectos que afectan moi negativamente á capacidade produtiva do solo, afección que é irreversible.

Nunha zona onde é moi problemática a ampliación da base territorial das explotacións, e nun país que segue a perder superficie agraria útil e emprego agrario, a prioridade debe ser a preservación dos solos con aptitudes agrícolas e a preservación do emprego no sector agrario.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- 1) Coincide a Consellería de Medio Rural coa apreciación de que a extracción de seixo é incompatible co uso agrario e afecta negativamente á súa capacidade produtiva?

- 2) Vai a Consellería de Medio Rural presentar informe negativo aos proxectos mineiros de extracción de seixo nos concellos de Mesía, Frades, Oroso e Ordes, da empresa ERIMSA pola súa incompatibilidade co uso agrario e a afección negativa sobre a súa capacidade produtiva?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 28/08/2017 13:31:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Manuel Lago Peñas, Francisco Casal Vidal e Luca Chao Pérez, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**, relativa á conexión ferroviaria do Porto Exterior da Coruña.

1.-O BOE do 26 de xuño de 2017, publicou a Resolución de 13 de xuño pola que se aproba a Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de conexión ferroviaria ao Porto Exterior de Punta Langosteira.

A formulación da DIA posibilita, previos algúns axustes, trámites e informes sectoriais, a redacción e aprobación definitiva do proxecto construtivo e a execución das obras, de existir, que non é o caso, dotación orzamentaria.

En calquera caso, compre deixar constancia do notable retraso na aprobación dunha DIA cuxo trámite deu comezo, nada máis e nada menos que en marzo de 2012 (entrada do expediente no órgano ambiental) e permanecendo, no último trámite, algo máis dun ano na Dirección Xeral de Calidade Ambiental do Ministerio á espera dunha formulación dunha DIA para a cal tiña o prazo máximo legal de tres meses.

Algo máis de cinco anos de tramitación dunha DIA requisito previo para a urxente e imprescindible conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña.

E dicimos imprescindible tamén para a redacción definitiva do proxecto construtivo, e posterior tramitación e aprobación do mesmo. Un proxecto construtivo cuxa redacción foi adxudicada en xuño do 2016 pero que estaba condicionado pola aprobación definitiva do estudo informativo e Declaración de Impacto Ambiental.



Data asento: 31/08/2017 10:41
Nº Rexistro: 14894
Data envío: 31/08/2017 10:41:11.553

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, relativa aos danos causados polas obras do AVE en Castrelo do Val e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego.

A historia das obras do AVE con Galiza vén de lonxe e trae canda si unha ampla traxectoria de incumprimentos e agravios. Desde os continuos retrasos nas obras, a falta de execución dos orzamentos, a ausencia dunha planificación do transporte que non deixe abandonadas as conexións de cercanías, as dúbidas sobre o alcance que terá realmente a dobre vía, etc. En moitos concellos ourensás, como é o caso de Castrelo do Val, cómpre engadir continuos danos ao territorio e á súa poboación, que ve como as obras acompañan diversas actuacións que non se poden repetir.

No que atinxe ao tramo entre Lubián e Ourense podemos recordar, por exemplo, como no ano 2014 a Confederación Hidrográfica Miño-Sil tivo que sancionar, após denuncias de organizacións ecoloxistas e do SEPRONA, unha grave e significativa alteración do río causado polas obras. Na altura, no Foxo Vello, a carón de Campobecerras, desviouse o caudal por un tubo de máis de 140 metros, alterando as correntes, incrementando os riscos de contaminación e alterando de forma drástica o medio biolóxico. Unha sanción que finalmente se baseou na non petición de permisos e que supón unha anécdota para as construtoras, fallando tamén a inspección por parte da propia administración que non emprega os recursos a disposición. Acontecementos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 10:41
Nº Rexistro: 14894

Data envío: 31/08/2017 10:41:11.553

coma este non foron excepcionais e podemos recordar tamén denuncias de verteduras e danos neste e noutros recursos hídricos, por exemplo no Támega.

A situacións como a descrita hai que engadir os numerosos danos que causan as obras do AVE nas infraestruturas, especialmente en vías secundarias e mesmo camiños de paso que empregan para transportar ou mesmo almacenar material. Un dos casos extremos é o dano reiterado a unha parte importante da OU-114 que fai que o traxecto entre Campobeceros e Verín sexa de difícil e perigoso tránsito. Unha situación que non é nova e que supón graves molestias para a veciñanza ao incrementar os seus tempos de desprazamento e ao supoñer un desgaste nos vehículos que incrementa o custe.

Mentres, o Estado desinviste en Galiza e non vela polos dereitos desta veciñanza e a Xunta de Galiza evade as súas responsabilidades como administradora. Malia que ADIF ten adxudicado a Tragsa un plan de reparación das estradas afectadas pertencentes á Xunta e á Deputación, a espera continúa e a veciñanza mobilízase para esixir unha solución.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2ª:

-Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para que as estradas ourensás reciban a reparación que lles corresponde por mor dos danos do AVE?

-Coñece o goberno galego a situación na provincia de Ourense e en concreto da comarca de Monterrei e os danos levados a cabo polas obras do AVE? Ten avaliado o seu custo?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 10:41
Nº Rexistro: 14894
Data envío: 31/08/2017 10:41:11.553

-Tense dirixido o goberno galego ao goberno central para que axilice as obras de reparación do AVE?

-Ten avaliado a Xunta de Galiza o risco que están a sufrir os veciños e veciñas de Monterrei?

-Demandará o goberno galego o incremento das partidas orzamentarias para tal fin?

-Ten pensado a Xunta de Galiza asumir o custo dalgún destes arranxos por consideralos prioritarios?

-Ten pensado o goberno galego emprender algún tipo de acción legal diante desta situación?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 10:41
Nº Rexistro: 14894
Data envío: 31/08/2017 10:41:11.553

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 10:38:04

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 10:38:13

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 10:38:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 10:38:16

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 10:38:18

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 10:38:20

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro ,deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Nos últimos anos, a rede de estradas en xeral e autonómica en particular, veu véndose incrementada de xeito progresivo para acadar o obxectivo de mellorar a vertebración do territorio galego, mellorar a seguridade viaria por estrada e permitir que a maior parte da poboación teña unha vía de alta capacidade próxima ao seu ámbito.

A Rede de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia está formada polas estradas cuxo itinerario discorre integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non son de titularidade do Estado ou doutros organismos. Esta rede autonómica está clasificada en diversas categorías: rede primaria básica, rede primaria complementaria e rede secundaria.

A rede básica que está formada por os grandes eixos que, xunto ca rede de interese xeral do Estado, vertebran o territorio, o conectan ca rede de estradas das comunidades autónomas veciñas e relacionan entre si tanto os grandes centros de poboación como os principais lugares de actividade económica comprende as autopistas, autovías e vías de alta capacidade autonómicas. Estas últimas teñen una importante transcendencia na vertebración de importantes comarcas galegas co conxunto do sistema, e polo tanto construíronse algunhas novas nos últimos anos.

A apertura destas novas vías ou a mellora das existentes, require tempos de maduración para que a poboación as coñeza e as incorpore aos seus hábitos de mobilidade, cara a valoración destas accións, os parlamentarios asinantes plantean a seguinte, **Pregunta Oral para a súa resposta en Comisión:**

Cal é a evolución do tráfico da rede autonómica de estradas?

E, en particular, Canto tráfico están rexistrando as vías de alta capacidade postas en funcionamento nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 31/08/2017 11:20:55

Jaime Castiñeira Broz na data 31/08/2017 11:21:17

Marta Novoa Iglesias na data 31/08/2017 11:21:27

Gonzalo Trenor López na data 31/08/2017 11:21:41

Diego Calvo Pouso na data 31/08/2017 11:21:54

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 31/08/2017 11:22:05

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/08/2017 11:22:18

Jacobo Moreira Ferro na data 31/08/2017 11:22:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:58
Nº Rexistro: 14904
Data envío: 31/08/2017 11:58:40.879

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á proxección dunha planta de produción de mestura bituminosa en quente na canteira de Bouzas, nº266, de Parada de Ribeira no concello de Xinzo da Limia.

Recentemente, a concesión de licenza de obra por parte da Xunta de Goberno do Concello de Xinzo para a proxección dunha planta de produción de mestura bituminosa en quente na canteira de Bouzas reavivou inquedanzas na veciñanza da contorna, pois supón a reactivación dun proxecto paralizado desde 2014 e que ten numerosas dúbidas canto ao impacto ambiental que pode supoñer.

Cómpre recordar que xa o 22 de maio de 2014 fíxose pública a avaliación de incidencia ambiental. Daquela fora solicitado un informe preceptivo ao Concello, emitido no senso de que a actividade non é compatíbel co uso do chan (rústico de protección forestal) pero que podería ser autorizada pola Xunta. Posteriormente, o 11 de xuño 2014 fíxose pública a resolución da declaración de incidencia ambiental favorábel á realización da actividade. Unha vez foi pública e coñecida esta situación a causa dos trámites municipais, numerosas entidades sociais, ecoloxistas e veciñais coa súa presentación pública a finais de xuño do 2014 alegaron e protestaron contra este proxecto posto que a colocación deste implica moitos riscos pola súa proximidade ás poboacións e a zonas delicadas desde un punto de vista ambiental. Por exemplo, a



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:58
Nº Rexistro: 14904
Data envío: 31/08/2017 11:58:40.879

proximidade á zona ZEPA da Limia, zona de especial protección para as aves, cuxa finalidade é a protección e conservación do hábitat e das especies de aves definidas na contorna que abrangue 6.939,20 ha dos concellos da Porqueira, Bande, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia, e Xunqueira de Ambía. Ademais, alén de englobar o LIC de Veiga de Ponteliñares.

Ademais, cómpre recordar a unidade social e política neste tema e que por exemplo mesmo o 28 de xullo de 2014 tivo lugar un pleno extraordinario urxente no Concello de Xinzo de Limia no que foi aprobada por unanimidade unha moción rexeitando a planta e instando á Xunta a que lle denegue a licenza, como tamén foi aprobada unha moción no mesmo sentido, a proposta do Bloque Nacionalista Galego, na Deputación de Ourense, tamén por unanimidade.

Máis aínda, cómpre recordar que a Limia é unha zona con importantes problemas ambientais derivados da emisión de residuos derivados das numerosas granxas existentes, ademais de ser unha zona profundamente castigada pola crise económica, a perda de poboamento e a crise no sector agrario. Polo tanto, todas as decisións que no presente supoñan unha posíbel afectación á contorna deben ter unha avaliación aínda máis rigorosa e actualizada canto ao seu impacto.

En vista do rexeitamento social que a implantación dunha planta deste tipo desatou hai anos en Xinzo, sorprende que con data 29 de maio de 2017 o Concello de Xinzo de Limia tomara, sen previa información pública á veciñanza, a decisión de conceder licenza urbanística para a devandita planta desestimando todas as alegacións presentadas por colectivos sociais e medioambientais. Uns acontecementos diante dos que a veciñanza ten demandado explicacións a respecto desta situación, sendo ignoradas polas administracións competentes.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:58
Nº Rexistro: 14904
Data envío: 31/08/2017 11:58:40.879

Polo tanto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2ª:

- Que medidas levou ou vai levar a cabo o goberno galego para garantir que o proxecto de produción asfáltica para a canteira de Bouzas (Xinzo) non colide coa protección que precisan as condicións medioambientais, poboacionais e agropecuarias da zona?

- Considera o goberno galego que está garantida a adecuada xestión dos residuos?

- Ten avaliado o goberno galego o posíbel impacto negativo na produción agropecuaria profesional e familiar da contorna? De que forma?

- Como garante o goberno galego que o proxecto non teña un impacto negativo na zona ZEPA próxima?

- Coñece o goberno galego as razóns polas cales se veñen de retomar e acelerar os trámites suspensos desde 2014?

- Por que o goberno galego rexeita interceder na procura de consenso veciñal arredor desta cuestión?

- Coñece o goberno galego por que o Partido Popular mudou de opinión a respecto desta instalación?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 11:58
Nº Rexistro: 14904
Data envío: 31/08/2017 11:58:40.879

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 11:58:02

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 11:58:07

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 11:58:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 11:58:10

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 11:58:11

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 11:58:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907
Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao impulso do autoconsumo.

O autoconsumo é unha posibilidade aberta de cara ao aforro enerxético, a eficiencia nas redes de transporte e a redución de prezos de mercado. Para alén disto, supón unha aposta polas enerxías limpas e pola redución das emisións contaminantes así como pola produción descentralizada e mesmo, no caso das empresas, polo incremento da competitividade. A posibilidade de que os consumidores xeren a súa propia electricidade implica consecuencias extraordinariamente positivas no eido económico e social do país que cómpre impulsar desde as administracións.

Porén, o Real Decreto 900/2015, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas das modalidades de subministro de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción con autoconsumo, tivo como orientación principal a de para impedir o desenvolvemento do autoconsumo, no canto do seu fomento. Con esta normativa, o Goberno estatal impuxo unha barreira económica inxustificada ao desenvolvemento do autoconsumo. O Goberno aprobou esta normativa de forma illada, en contra do clamor social (máis de 200.000 firmas e 40.000 alegacións recollidas contra o texto), o resto de organizacións políticas e sociais, e institucións como a CNE, CNC ou a Defensora do Pobo.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907
Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

A normativa introduciu un cargo económico extra, coñecido popularmente como “imposto ao sol”, para aqueles consumidores que, ademais de contar co servizo de electricidade da rede, teñan un sistema de autoconsumo. Este “imposto ao sol” é inxustificable, como xa viñeron denunciando diferentes organismos reguladores, e desincentivador. Os autoconsumidores conectados á rede xa pagan as mesmas peaxes ao sistema que calquera outro consumidor, é dicir, a totalidade do termo fixo, e a parte correspondente á demanda de enerxía que fagan da rede.

O Real Decreto non regulou o balance neto, a modalidade máis estendida no mundo e especialmente interesante para incentivar o autoconsumo nos fogares e que consiste en ceder a electricidade que un xera e lle sobra cando non a usa (por exemplo, nas horas centrais do día en moitos fogares) e poder, a cambio, recuperar esa mesma cantidade de enerxía cando a instalación non xera (por exemplo, de noite).

Esta regulación penalizadora do autoconsumo supuxo un novo paso nun deseño enerxético contrario aos intereses e necesidades de Galiza. Cabe recordar que ao noso país foille adxudicado polo Estado español o papel subministrador de enerxía para favorecer o desenvolvemento e industrialización doutros territorios. Así, Galiza é excedentaria na produción de electricidade, e soporta os custos sociais e medioambientais derivados desta especialización: desprazamento de poboación, inundación de vales, contaminación, etc. Porén, por ser o deseño eléctrico alleo á realidade do noso país, non obtemos ningún beneficio da condición de produtor excedentario.

En sentido contrario á orientación das políticas do Goberno do Estado, algunhas CCAA están a impulsar medidas que favorezan o autoconsumo, como é o caso das Illas Baleares, onde se teñen aprobado convocatorias públicas de axudas para o fomento das instalacións de enerxía solar fotovoltaica e eólica para autoconsumo, ou máis recentemente a Generalitat de Cataluña, que a pesares das limitadas competencias tenta



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907
Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

impulsar unha política enerxética propia, e acaba de crear unha mesa con representantes do sector público e do privado para impulsar o autoconsumo enerxético. O obxectivo é estudar as barreiras administrativas, económicas e legais que dificultan xeneralizar este tipo de produción enerxética e propoñer medidas para superalas. Formarán parte da mesa representantes da Generalitat, das administracións locais e supralocales e empresas, asociacións profesionais, distribuidores e comercializadores de electricidade, colexios profesionais, asociacións de consumidores e fabricantes e distribuidores de equipos do sector.

Esta normativa estatal que trata de frear o autoconsumo choca coa decidida aposta polo autoconsumo por parte dunha significativa parte da sociedade galega. Porén, nesta cuestión, como en moitas outras, o que está a caracterizar á Xunta de Galiza é a máis completa inacción.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 6ª:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza do RD 900/2015 que regula o autoconsumo?

-Considera a Xunta de Galiza que a normativa aprobada dou satisfacción ás demandas do sector?

-Considera a Xunta de Galiza que o marco deseñado fomenta o autoconsumo?

-Vai a Xunta de Galiza a instar ao goberno do Estado a que derroque o citado Real Decreto e consensúe un novo cos consumidores e comunidades autónomas?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907
Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

-Considera a Xunta de Galiza necesario ter un marco competencial acaído para que Galiza poida impulsar unha normativa favorecedora do autoconsumo?

-Vai a realizar a Xunta de Galiza algún programa de axudas tendente a fomentar o autoconsumo?

-Vai a impulsar a Xunta de Galiza a creación dunha mesa con representantes do sector público e do privado para impulsar o autoconsumo enerxético?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 13:32:15

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 13:32:20



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:32
Nº Rexistro: 14907
Data envío: 31/08/2017 13:32:47.591

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 13:32:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 13:32:23

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 13:32:25

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 13:32:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sanchez García e Luís Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Comisión**.

O 8 de febreiro o Parlamento de Galicia aprobou unha iniciativa sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados.

O incendio do cemiterio de pneumáticos acontecido en Seseña, en maio de 2016, puxo de manifesto o perigo que supoñen os vertedoiros incontrolados deste tipo de materiais. A acumulación de pneumáticos ten que ser abordada dunha maneira eficiente e respectuosa co medio ambiente, algo que non se fixo ata o de agora. Como sinalaba a iniciativa, o tratamento destes residuos consiste case sempre na incineración (un proceso moi contaminante) ou no depósito (unha xestión que só traslada o problema ao futuro), e só nuns poucos casos na reutilización e na reciclaxe.

Tendo isto presente, o Goberno da Xunta comprometeuse a:

- 1.- Deseñar un modelo de xestión e control dos pneumáticos usados baseado na reutilización e reciclaxe destes residuos.*
- 2.- Retirar e trasladar de xeito inmediato os pneumáticos usados acumulados en depósitos e vertedoiros incontrolados, para o seu tratamento nunha planta de reciclaxe.*
- 3.- Impulsar, en colaboración cos Concellos, un plan específico para detectar e retirar os pneumáticos en desuso existentes no medio rural.*



4.- Establecer, no ámbito do impulso da I+D+i, unha liña específica destinada a fomentar os estudos de novas aplicacións de pneumáticos reciclados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal é o modelo da Xunta para avanzar cara a reutilización e reciclaxe dos pneumáticos?
- Cal é o estado dos cemiterios de pneumáticos con respecto ao ano pasado? Cantas toneladas de pneumáticos foro tratadas nunha planta de reciclaxe?
- Que pensa facer a Xunta para retirar os pneumáticos en desuso do rural?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/08/2017 13:36:21



Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:36:36

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Comisión**.

O 23 de novembro o Parlamento de Galicia aprobou unha iniciativa para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en tódolos centros da rede sanitaria pública e os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres do rural.

A iniciativa formulouse nun momento no que moitas mulleres denunciaban a mala praxe dos servizos sanitarios galegos no referente aos abortos terapéuticos. Esta mala praxe foi recoñecida pola propia xerencia da área sanitaria da Coruña, asumindo que as mulleres que se atopaban no segundo trimestre de xestación non eran atendidas coas mesmas garantías que nun parto. Existía (e aínda persiste) unha forma de maltrato e de violencia de xénero que contaba (e conta) con respaldo institucional: a violencia obstétrica.

Vítimas desta violencia foron as mulleres que abortaron sen o acompañamento adecuado dos profesionais sanitarios, aquelas que foron derivadas a 600 quilómetros de distancia porque o sistema sanitario galego negáballes asistencia, todas as que sufriron secuelas físicas e psicolóxicas a causa das negligencias médicas... O risco que ata o de agora asumiron as mulleres galegas para facer valer os seus dereitos reprodutivos é inadmisíble.

Por todo isto, a iniciativa aprobada pola unanimidade dos grupos do Parlamento galego solicitaba:

- 1. Non recorrer a sentenza xudicial que condena por negligencia o SERGAS no caso concreto da muller mariñá que perdeu o útero e asumir, como xa fixo publicamente o propio Presidente, as consecuencias da súa actuación negligente.*
- 2. Crear dous centros de referencia no país para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE), un na zona norte e outro da zona sur, con persoal sanitario especializado, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os “Dereitos Sexuais e Reprodutivos”
-recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega. De ser necesario que o SERGAS convoque prazas nas que se estableza como requirimento que non se declare obxección de conciencia.*
- 3. Fornecer as mulleres da atención axeitada, tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica.*
- 4. Dotar os concellos do rural de profesionais de xinecoloxía nos Centro de Orientación Familiar de referencia, para garantir a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres, sen discriminacións xeográficas, independentemente de que vivan en zonas rurais ou urbanas.*

Por todo o exposto, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- Cal é o estado dos dous Centros de referencia para a atención da Interrupción Voluntaria do Embarazo na zona norte e sur do país que o Goberno se comprometeu a crear?
- Que medidas foron tomadas para acabar coa violencia obstétrica que padecen as mulleres? E para garantir a atención axeitada das interrupcións voluntarias do embarazo?
- Que medios profesionais van ser destinados ao rural para evitar que se produzan discriminacións xeográficas na satisfacción dos dereitos das mulleres?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/08/2017 13:39:28

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 13:39:36

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:39:43

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA ORAL en Comisión**.

O 28 de decembro o Parlamento de Galicia aprobou unha Proposición non de lei para loitar contra a violencia de xénero no medio rural. A iniciativa sinalaba algunhas das singularidades das violencias machistas que padecen as mulleres dos espazos rurais e que supoñen unha maior indefensión para as vítimas. Unha delas é o illamento que se deriva da dispersión da poboación. Moi a miúdo, as mulleres que sofren algún tipo de maltrato só teñen preto ao seu agresor e ao seu círculo familiar máis próximo. A isto hai que sumar que moitas mulleres viven en núcleos illados de difícil acceso que non contan con moitos dos servizos básicos de atención e axuda que si existen nos centros urbanos.

A política de recortes da Xunta de Galicia fixo que a precaria situación das mulleres rurais sexa aínda máis feble ao dismantelar moitos servizos públicos. Son moitos os casos nos que as mulleres non dispoñen no seu concello de centros de información ou asesoramento para apoialas se sofren algún tipo de violencia.

Co fin de abordar o problema, o Parlamento galego instou á Xunta de Galicia a:

1. *Fornecer cursos de formación sobre temas vinculados ao empoderamento e implementar campañas de sensibilización e concienciación orientadas especificamente ás mulleres rurais.*
2. *Poñer os medios e recursos suficientes para mellorar a atención ás*



mulleres vítimas de violencias machistas no medio rural e evitar situación de illamento.

3. *Incrementar o número de Centros de Información á Muller, de xeito que poida acadarse o obxectivo de dispoñer de un como mínimo en cada concello de Galicia, para cubrir as necesidades de asesoramento e apoio das mulleres que sofren violencias machistas no rural .*

Por todo o exposto, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que cursos de formación e campañas de sensibilización e concienciación orientados ás mulleres rurais ten previstos o Goberno para o presente ano?
- 2.^a) Cales son os medios específicos que se porán ao servizo das mulleres rurais para evitar o sufrimento engadido que supón o illamento nos casos de violencia machista?
- 3.^a) Cantos Centros de Información á Muller ten previsto crear o goberno naqueles concellos que aínda non contan con un?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/08/2017 13:40:10

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 13:40:19

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:40:27

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral en Comisión**.

O 25 de xaneiro o Parlamento de Galicia aprobou unha Moción sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en menores.

As rapazas menores de idade afrontan un maior risco de sufrir violencia de xénero, en gran medida pola falta de información. As institucións están fallando á hora de ofrecer as ferramentas que permitan recoñecer as situacións de abuso. Así o proba a naturalidade coa que moitas persoas mozas asumen que o home é quen debe tomar as decisións na parella, que o lugar da muller está na casa coa súa familia ou que a muller é máis débil e menos capaz. Estas crenzas tradúcense con demasiada frecuencia en situacións de control por parte da parella, agresións e outras formas de maltrato machista. Así o apunta a macro enquisa española de violencia contra a muller do ano 2015. Segundo ela, o 21% das mulleres menores de 25 anos que tiveron parella nalgún intre da súa vida foron vítimas da violencia de xénero. A altísima porcentaxe é un síntoma de que se trata dun problema estrutural e non de casos illados.

Os problemas estruturais precisan solucións estruturais. Entre as medidas a tomar cómpre reforzar as labores formativas en materia de violencia machista, non só dirixidas ás mozas, senón tamén ás persoas encargadas de protexelas, tal e como se comprometeu a facer o Goberno da Xunta.



Por todo o exposto, a deputada e deputados asinantes presentan as seguintes preguntas:

- Que campañas de información e sensibilización en materia de violencia de xénero, dirixidas a mocidade, ten previstas o goberno para o presente ano?
- Cal é o contido da formación especializada en violencia de xénero que vai recibir o persoal que intervén nos procesos xudiciais?
- Que medidas se van tomar para protexer a intimidade das mulleres que denuncian no momento de acceder aos recursos das administracións públicas?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/08/2017 13:37:47

Marcos Cal Ogando na data 31/08/2017 13:37:55

Luis Villares Naveira na data 31/08/2017 13:38:02



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:48
Nº Rexistro: 14917
Data envío: 31/08/2017 13:48:20.463

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**, relativa a desenvolver as competencias de consumo da Xunta de Galiza fronte ás agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras.

Nos últimos anos as galegas e galegos puideron coñecer un número importante de casos de abusos bancarios de diferente índole que tiveron a súa translación a un número en aumento de sentenzas arredor deles. Polo importante número de persoas afectadas, polas contías implicadas e a extensión territorial que tivo, alén da exemplar loita social que supuxeron, o noso país aínda recorda o grande calote das preferentes e obrigas subordinadas. Máis recente é a sentenza europea sobre as cláusulas chan do pasado mes de decembro de 2016.

Como é lóxico, a secuencia de todos estes acontecementos xeraron unha inseguridade e preocupación por parte das persoas usuarias de cara ás accións levadas a cabo polas entidades bancarias. Unha preocupación e unhas esixencias que as administracións públicas non sempre souberon acompañar nun contexto no que os feitos evidencian como a colocación de produtos financeiros por parte das entidades financeiras segue a estar rodeada de prácticas pouco transparentes e garantistas para cos dereitos das persoas usuarias e co bo devir da economía en xeral.

Un denominador común das diferentes sentenzas e avaliacións de persoas expertas e de entidades independentes é que, para alén de cuestións relacionadas coa legalidade, a gravidade e importancia do asunto radica na mala praxe durante a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:48
Nº Rexistro: 14917
Data envío: 31/08/2017 13:48:20.463

colocación destes produtos, ora por falta de información e transparencia, ora por existencia de cláusulas dolosas que acompañan unha información insuficiente e opaca que, segundo os casos, mesmo se dá nun contexto no que as persoas afectadas están nunha situación de vulnerabilidade e existe un abuso engadido ao ofertar estes produtos a un público que carece de coñecementos financeiros e asume riscos sen ter consciencia sobre eles e sen que se lle garanta unha información suficiente. Para alén disto, existe tamén un volume importante de casuísticas nas que a potencial clientela ten unha necesidade urxente de recibir ese produto, caso dos créditos, e polo tanto rebaixa o seu grao de fiscalización da operación porque precisa acollerse a unhas esixencias bancarias si ou si, sen ter outra saída ou sen ter información sobre outras potenciais vías para a súa situación.

Neste contexto, froito das demandas da clientela, de diferentes colectivos, administracións, etc, toda esta inqueda social foi pulando cambios normativos. Neste sentido, a normativa europea centra na actualidade a súa atención naquilo que atinxe á “idoneidade do produto para cada cliente” (debendo realizar un test de idoneidade no banco) así como á formación dos cadros de persoal do sector financeiro para que cada traballador ou traballadores actúe como persoa “asesora”.

Porén, resulta aínda evidente a carencia de ferramentas administrativas para o control sobre os produtos emitidos sobre a súa comercialización, a inexistencia dunha entidade para o control independente e factores preocupantes que non son tidos en conta como o claro conflito de interese no intento de contratar o produto.

Galiza ten competencias en materia de consumo que deben desenvolverse de forma ambiciosa nas ópticas de prevención e de control para reverter en última instancia no ben dos galegos e galegas e na seguranza económica do país malia o limitado do marco.

Por todos estes motivos, o grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 3ª:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:48
Nº Rexistro: 14917
Data envío: 31/08/2017 13:48:20.463

- Ten previsto o goberno galego dotar de maior medios ao IGC (Instituto Galego de Consumo) para que poda poñer en marcha mecanismos de control sobre os produtos financeiros que se colocan á clientela por parte das entidades financeiras, así como sobre os procesos de comercialización destes?

- Ten previsto o goberno galego dotar de maiores medios ao IGC para que poda realizar a labor de asesoramento ás persoas consumidoras sobre os produtos financeiros?

- Ten previsto a Xunta de Galiza que o IGC sexa quen realice os test de idoneidade europeos aos clientes bancarios para definir o seu perfil investidor ou cando menos que sexa este organismo o que aprobe o cambio de perfil investidor para as persoas?

- Ten desenvolto ou previsto o goberno galego algún tipo de iniciativa en materia de consumo fronte as agresivas políticas comerciais e abusos das entidades financeiras?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:48
Nº Rexistro: 14917
Data envío: 31/08/2017 13:48:20.463

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 13:47:48

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 13:47:53

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 13:47:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2017 13:47:57

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2017 13:47:58

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2017 13:48:00



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:50
Nº Rexistro: 14918
Data envío: 31/08/2017 13:50:04.917

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á atención da cirurxía pediátrica en Ourense.

A sanidade é un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas. Ademais de ser un dereito que debe ser subministrado e salvagardado pola administración pública, cando afecta a crianzas cómpre ter en conta esa circunstancia á hora de ponderar os desprazamentos e outros elementos que poidan supoñer un impacto negativo na súa atención e na xestión persoal e familiar da situación.

Durante os primeiros días do mes de outubro de 2013 coñeceuse publicamente a confirmación da decisión do SERGAS de constituír para a cirurxía pediátrica unha área de servizo compartido para a zona sur de Galiza. Esta decisión supón na práctica que moitas familias e crianzas de Ourense que precisen deste servizo fóra da xornada ordinaria e da programación teñan que desprazarse a Vigo para o empregar. Para as crianzas e para as persoas da súa contorna persoal, desprazarse a Vigo supón un esforzo e unha complicación, máis aínda cando se trata de nenos e nenas de fóra da cidade ou das poboacións achegadas á conexión con Vigo.

A decisión, explicaban desde a Xunta, tomouse para “optimizar os recursos” debido á “redución continuada da poboación infantil”. É dicir, a xuízo do PP, os nenos e as nenas de Ourense, como agora son menos, teñen menos dereitos, de aí que non pase nada se en vez de ser atendidos no hospital de Ourense, cando chegan cunha urxencia e precisan dunha rápida intervención, son obrigados a desprazarse a Vigo para ser atendidos nalgún centro



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:50
Nº Rexistro: 14918
Data envío: 31/08/2017 13:50:04.917

sanitario desta cidade. Nin que dicir ten a dificultade desta situación en calquera urxencia, pero máis aínda ao tratarse de nenos e nenas.

Desde o BNG entendemos que esta situación non está xustificada e obedece unicamente á consolidación de políticas en materia de recortes que vén aplicando o goberno do Partido Popular desde a chegada de Feijoo á presidencia da Xunta. Fóra de obedecer a toda lóxica, existen dúbidas sobre os custos económicos que supoñen os traslados vía ambulancia medicalizada co persoal facultativo preciso. Ao que se suma a outra cara da moeda, os custos que traslados e hospitalización para as familias.

Para o BNG fica claro que esta medida non se fai nin para “optimizar recursos”, nin como consecuencia da “redución da poboación infantil”. É un paso máis na senda do empeoramento planificado do Servizo Galego de Saúde, no deterioro estratéxico do público levado a cabo pola Xunta de Galiza e o goberno do Estado que ten, como fin último o incremento do negocio privado.

Máis aínda, recentemente este Grupo Parlamentar recibiu denuncias de persoas afectadas que referiron o empeoramento do servizo chegando a vivir situacións nas que os preoperatorios caducaron e se incumpriron os prazos de agarda fixados pola normativa.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5ª:

--Que actuacións levará a cabo a Xunta de Galiza para corrixir as deficiencias na atención de cirurxía pediátrica das e dos doentes de Ourense?

- Ten pensado o goberno galego rectificar a súa decisión de unificar a atención da cirurxía pediátrica das áreas de Vigo e Ourense?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:50
Nº Rexistro: 14918
Data envío: 31/08/2017 13:50:04.917

- É consciente o goberno galego das dificultades e mesmo situacións traumáticas que pode supoñer para unha crianza de, por exemplo, o Ourense oriental, desprazarse até Vigo para unha intervención?

- Ten cuantificado o goberno galego o gasto económico e de recursos persoais e materiais que supoñen estes desprazamentos para o SERGAS?

- Como valora o goberno galego a ratio de espera das persoas doentes de esta área?

- Considera o goberno galego que a precarización da atención dun servizo elemental para a seguridade da poboación infantil contribúe a fixar poboación e reverter a crise demográfica?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2017 13:50
Nº Rexistro: 14918
Data envío: 31/08/2017 13:50:04.917

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2017 13:49:46

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2017 13:49:50

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2017 13:49:51

